



Proposta de ESTATUTO POLÍTICO da Comunidade de EUSKADI

Ajuria-Enea, 25 de outubro de 2003



ESTATUTO POLÍTICO DA COMUNIDADE DE EUSKADI

ÍNDICE

-PREÁMBULO

-TÍTULO PRELIMINAR

-TÍTULO I.- DO RÉXIME DE RELACIÓN POLÍTICA CO ESTADO ESPAÑOL E AS SÚAS GARANTÍAS

Capítulo primeiro.- Do status de Libre Asociación

Capítulo segundo.- Das garantías do autogoberno

Capítulo terceiro.- Da modificación e actualización do Estatuto político

-TÍTULO II.- DOS PODERES NA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Do Poder Lexislativo. O Parlamento vasco

Capítulo segundo.- Do Poder Executivo. O Goberno vasco e o lehendakari

Capítulo terceiro.- Do Poder Xudicial. O Consello Xudicial vasco

-TÍTULO III.- DO RÉXIME DE RELACIÓN POLÍTICA E INSTITUCIONAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Das institucións vascas

Capítulo segundo.- Da institucionalización e as relacións internas

-TÍTULO IV.- DO EXERCICIO DO PODER PÚBLICO NA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Do exercicio do autogoberno vasco

Capítulo segundo.- Do réxime xeral de exercicio do poder público

Capítulo terceiro Das políticas públicas exclusivas do Estado

Capítulo cuarto.- Das políticas públicas exclusivas da Comunidade de Euskadi

Sección 1ª.- Políticas públicas exclusivas de réxime xeral

Sección 2ª.- Políticas públicas exclusivas de réxime específico

-TÍTULO V.- DA ECONOMÍA, FACENDA E PATRIMONIO NA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Do exercicio do poder público no ámbito económico

Capítulo segundo.- Da ordenación económica e financeira de Euskadi

Capítulo terceiro.- Da Facenda e patrimonio de Euskadi

-TÍTULO VI.- DO RÉXIME DE RELACIÓN POLÍTICA CO ÁMBITO EUROPEO E INTERNACIONAL

Capítulo primeiro.- Das relacións con Europa

Capítulo segundo.- Das relacións exteriores

Capítulo terceiro.- Da cooperación ó desenvolvemento

-DISPOSICIÓN TRANSITORIA

-DISPOSICIÓN FINAL



PREÁMBULO

O Pobo Vasco ou Euskal Herria é un pobo con identidade propia no conxunto dos pobos de Europa, depositario dun patrimonio histórico, social e cultural singular, que se asenta xeograficamente en sete territorios actualmente articulado en tres ámbitos xurídico-políticos diferentes situados en dous estados.

O Pobo Vasco ten dereito a decidir o seu propio futuro, tal e como se aprobou por maioría absoluta o 15 de febreiro de 1990 no Parlamento vasco, e de conformidade co dereito de autodeterminación dos pobos, recoñecido internacionalmente, entre outros, no Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos e no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais.

O exercicio do dereito do Pobo Vasco a decidir o seu propio futuro materialízase desde o respecto ó dereito que teñen os cidadáns e cidadás dos diferentes ámbitos xurídico-políticos, nos que actualmente se articula, a ser consultados para decidir o seu propio futuro. Isto é, respectando a decisión dos cidadáns e cidadás da actual Comunidade Autónoma Vasca, a decisión dos cidadáns e cidadás da Comunidade Foral de Navarra, así como as decisións dos cidadáns e cidadás dos territorios vascos de Iparralde –Lapurdi, Behe Nafarroa, e Zuberoa-.

De conformidade con estes tres piares e como parte integrante do Pobo Vasco, os cidadáns e cidadás da actual Comunidade Autónoma de Euskadi, integrada polos territorios de Araba, Bizkaia e Gipuzkoa, no exercicio da nosa vontade democrática e en virtude do respecto e actualización dos nosos dereitos históricos recollidos no Estatuto de Gernika e na Constitución española, manifestamos a nosa vontade de formalizar un novo pacto político para a convivencia.

Este pacto político materialízase nun novo modelo de relación co Estado español, baseado na libre asociación e compatible coas posibilidades de desenvolvemento dun estado composto, plurinacional e asimétrico.

Por canto antecede, os cidadáns e cidadás de Araba, Bizkaia e Gipuzkoa ratificamos o seguinte



ESTATUTO POLÍTICO

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.- Da Comunidade de Euskadi

Como parte integrante do Pobo Vasco ou Euskal Herria, os territorios vascos de Araba, Bizkaia e Gipuzkoa, así como os cidadáns e cidadás que os integran, no exercicio do dereito a decidir libre e democraticamente o seu propio marco de organización e de relacións políticas, e como expresión da súa nacionalidade e garantía de autogoberno, constitúese nunha Comunidade vasca libremente asociada ó Estado español baixo a denominación de Comunidade de Euskadi.

Artigo 2.- Territorio

1. O ámbito territorial da Comunidade de Euskadi comprenderá os límites xeográficos e administrativos que se corresponden coas actuais demarcacións que constitúen os territorios históricos de Araba, Bizkaia e Gipuzkoa.

2. Desde o respecto ó principio democrático, poderán sumarse á Comunidade de Euskadi os enclaves territoriais que, estando situados na súa totalidade dentro do seu territorio, se manifesten, libre e democraticamente, a favor da súa incorporación, mediante o cumprimento dos requisitos seguintes:

- a) Que soliciten a incorporación os concellos interesados.
- b) Que o acorden os habitantes dos municipios do enclave, mediante referendo que deberá ser convocado para o efecto, aprobado por maioría dos votos válidos emitidos.
- c) Que o aproben o Parlamento vasco e as Cortes Xerais do Estado.

Artigo 3.- Símbolos

1. Euskadi disporá de símbolos propios de representación da súa identidade nacional, tanto no interior como no exterior. Por lei do Parlamento vasco regularase o uso e prelación dos símbolos políticos en Euskadi.

2. A bandeira de Euskadi é a bicrucífera, composta de aspa verde, cruz branca superposta e fondo vermello. Así mesmo, recoñécense as bandeiras e insignias propias dos territorios históricos que integran Euskadi.

3. Corresponderá ó Parlamento vasco aprobar as modificacións que se estimen convenientes en relación coa denominación lingüística de Euskadi ou das súas institucións propias. Así mesmo, corresponderá ás institucións respectivas dos seus territorios históricos aprobar as modificacións que estimen



convenientes en relación coas denominacións lingüísticas de Araba, Bizkaia e Gipuzkoa, e a das súas institucións forais.

Artigo 4.- Cidadanía e nacionalidade vasca

1. Corresponde a cidadanía vasca a todas as persoas que teñan veciñanza administrativa nalgún dos municipios da Comunidade de Euskadi. Todos os cidadáns e cidadás vascos, sen ningún tipo de discriminación, disporán na Comunidade de Euskadi dos dereitos e deberes que recoñece o presente Estatuto e o ordenamento xurídico vixente.

2. Recoñécese oficialmente a nacionalidade vasca para todos os cidadáns e cidadás vascos, de conformidade co carácter plurinacional do Estado español. A adquisición, conservación e perda da nacionalidade vasca, así como a súa acreditación, será regulada por lei do Parlamento vasco axustándose ós mesmos requisitos esixidos nas leis do Estado para a nacionalidade española, de modo que o goce ou acreditación indistinta de ambas será compatible e producirá en plenitude os efectos xurídicos que determinen as leis.

3. Ninguén poderá ser discriminado en razón da súa nacionalidade nin privado arbitrariamente da mesma.

Artigo 5.- Diáspora vasca

1. Todas as persoas residentes no exterior que dispuxesen da súa última veciñanza administrativa na Comunidade de Euskadi, así como os seus descendentes, se así o solicitasen, poderán gozar, de conformidade co que dispoñan as leis, tanto da nacionalidade vasca como dos dereitos políticos que corresponden ós cidadáns e cidadás vascos.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as institucións vascas fomentarán desde unha perspectiva integral os vencellos sociais, económicos e culturais cos membros das colectividades e centros vascos no exterior. Por lei do Parlamento vasco regularanse as relacións cos mesmos, así como os dereitos e prestacións que se consideren oportunos.

3. Co fin de prestar a asistencia necesaria ós membros das colectividades vascas no exterior, as institucións vascas poderán formalizar convenios e tratados de cooperación con institucións públicas e privadas dos países nos que están situadas.

Artigo 6.- Relacións coa Comunidade Foral de Navarra

1. A Comunidade de Euskadi e a Comunidade Foral de Navarra poderán establecer os vínculos políticos e as relacións internas no ámbito municipal e territorial que consideren máis adecuados para o desenvolvemento e o benestar social, económico e cultural dos seus cidadáns e cidadás, sen



máis limitación que a propia vontade destes, expresada e ratificada conforme ós correspondentes ordenamentos xurídicos de ambas as comunidades.

2. Para estes efectos, poderanse realizar convenios e acordos de cooperación entre ambas as comunidades para o desenvolvemento e a xestión de ámbitos de interese común, incluíndo, se é o caso, a posibilidade de establecer instrumentos comúns de cooperación, se así for aprobado polas súas respectivas institucións de autogoberno. O Estado respectará en todo caso a realización dos convenios e acordos de cooperación entre ambas as comunidades, non resultando, por tanto, de aplicación ás ditas relacións, o disposto no artigo 145 da Constitución.

3. Se no futuro, os cidadáns e cidadás da Comunidade de Euskadi e os da Comunidade Foral de Navarra decidisen libremente conformar unha estrutura política conxunta, establecerase, de común acordo, un proceso de negociación política entre as institucións respectivas para articular un novo marco de organización e de relacións políticas que, en último termo, deberá ser ratificado pola cidadanía de ambas as comunidades.

Artigo 7.- Relacións cos territorios vascos de Iparralde

No marco da Unión Europea, propiciarase a sinatura dos acordos e tratados que sexan precisos para que os territorios e comunidades vascas situadas a ambos os lados dos Pirineos, poidan utilizar, da forma máis ampla e extensa posible, as potencialidades que ofrece a normativa actual ou futura de cooperación transfronteiriza para estreitar os especiais lazos históricos, sociais e culturais, entre a Comunidade de Euskadi e os territorios e comunidades vascas situados no Estado francés, incluíndo a capacidade de establecer instrumentos de cooperación no ámbito municipal e territorial, desde o respecto á vontade dos seus cidadáns e cidadás respectivos.

Artigo 8.- Éuscaro

1. O éuscaro, lingua propia do Pobo Vasco terá, como o castelán, carácter de lingua oficial en Euskadi, e todos os seus habitantes teñen o dereito a coñecer e usar ambas as linguas.

2. As institucións vascas, tendo en conta a diversidade sociolingüística, garantirán o uso de ambas as linguas, regulando o seu carácter oficial, e arbitrarán e regularán as medidas e medios necesarios para asegurar o seu coñecemento.

3. Ninguén poderá ser discriminado por razón da lingua.

4. A Real Academia da Lingua Vasca-Euskaltzaindia é institución consultiva oficial no referente ó éuscaro.



5. Por ser o éuscaro patrimonio doutros territorios vascos e comunidades, ademais dos vínculos e correspondencia que manteñan as institucións académicas e culturais, a Comunidade de Euskadi poderá formalizar os acordos ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos ditos territorios e comunidades, co fin de salvagardar e fomentar o éuscaro.

Artigo 9.- Valores do autogoberno vasco

O exercicio do autogoberno vasco rexerese polos valores da liberdade, da xustiza, da igualdade e do pluralismo político; polo recoñecemento e garantía dos dereitos e deberes fundamentais recollidos nos canons universais declarativos dos dereitos humanos; así como polos principios esenciais do sistema político democrático e do estado de dereito.

Artigo 10.- Dereitos humanos e liberdades

1. De acordo cos valores do autogoberno vasco, e atendendo ó carácter prioritario da defensa e protección dos dereitos humanos e liberdades de todas as persoas, o Parlamento vasco desenvolverá por lei unha Carta de Dereitos e Deberes Cívís e Políticos da cidadanía vasca.

2. Así mesmo, unha lei do Parlamento vasco regulará a creación dun Observatorio Vasco de Dereitos Humanos e Liberdades, como instrumento independente para velar pola defensa dos dereitos humanos e liberdades de todas as persoas, sen distinción.

Artigo 11.- Dereitos e deberes fundamentais da cidadanía vasca

1. Os cidadáns e cidadás vascos son titulares dos dereitos e deberes fundamentais establecidos na Constitución; os dereitos e obrigas establecidos nos tratados da Unión Europea, que lles corresponden en canto á súa condición de cidadáns e cidadás europeos; así como dos dereitos humanos, individuais e colectivos, recoñecidos internacionalmente e, en particular, os recollidos expresamente na Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Pacto Internacional de Dereitos Cívís e Políticos, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, e o Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.

2. Os poderes públicos vascos, no ámbito da súa competencia:

a) Velarán e garantirán o adecuado exercicio dos dereitos e deberes fundamentais dos cidadáns e cidadás.

b) Facilitarán a participación de todos os cidadáns e cidadás na vida política, económica, cultural e social vasca.

c) Adoptarán aquelas medidas dirixidas a promover as condicións e a remover os obstáculos para que a liberdade, a seguridade e a igualdade das persoas e dos grupos en que se integran sexan efectivas e reais.



- d) Impulsarán particularmente unha política tendente á mellora das condicións de vida e traballo.
- e) Adoptarán aquelas medidas que tendan a fomentar o incremento do emprego e a estabilidade económica.
- f) Garantirán o respecto ós dereitos das minorías existentes no seu seo.

3. Atribúese ás institucións vascas o desenvolvemento constitucional, no ámbito da Comunidade de Euskadi, do exercicio dos dereitos e deberes fundamentais que garanten a representatividade e participación da cidadanía na vida política, económica e social, a través dos partidos políticos, así como dos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

Para estes efectos, por lei do Parlamento vasco establecerase o réxime de creación, recoñecemento, organización e extinción de partidos políticos, sindicatos de traballadores e asociacións empresariais na Comunidade de Euskadi. As leis orgánicas do Estado garantirán a súa interlocución e participación diferenciada ante as institucións e órganos da Administración do Estado.

4. Corresponde á Comunidade de Euskadi a creación e regulación, por lei do Parlamento vasco, da Institución do Ararteko como órgano singular designado e adscrito a este, que exerce a defensa dos dereitos e deberes fundamentais da cidadanía vasca mediante a supervisión da actividade das administracións públicas, dando conta ó propio Parlamento.

TÍTULO I.- DO RÉXIME DE RELACIÓN POLÍTICA CO ESTADO ESPAÑOL E AS SÚAS GARANTÍAS

Capítulo primeiro.- Do status de Libre Asociación

Artigo 12.- Réxime de Libre Asociación

Os cidadáns e cidadás da Comunidade de Euskadi, de acordo coa súa propia vontade e co respecto e actualización dos dereitos históricos que prevé a disposición adicional primeira da Constitución, acceden ó autogoberno mediante un réxime singular de relación política co Estado español, baseado na libre asociación, desde o respecto e o recoñecemento mutuo, conforme se establece no presente Estatuto político, que constituirá para os ditos efectos a súa norma institucional básica.

A aceptación deste réxime de Libre Asociación non supón ningunha renuncia dos dereitos históricos do Pobo Vasco, que poderán ser actualizados en cada momento en función da súa propia vontade democrática.



Artigo 13.- Exercicio democrático do dereito a decidir

1. Para os efectos do exercicio democrático do dereito de libre decisión dos cidadáns e cidadás vascos, do que emana a lexitimidade democrática do presente Estatuto, as institucións da Comunidade de Euskadi posúen a potestade para regular e xestionar a realización de consultas democráticas á cidadanía vasca por vía de referendo, tanto no que corresponde a asuntos do seu ámbito de competencias como ás relacións que desexan ter con outros territorios e comunidades do Pobo Vasco, así como no relativo ás relacións co Estado español e as súas comunidades autónomas, e ás relacións no ámbito europeo e internacional.

2. As institucións da Comunidade de Euskadi regularán no seu ámbito territorial o exercicio do dereito á consulta en referendo mediante lei do Parlamento vasco, e establecerán, para tal efecto, as modalidades, o procedemento a seguir en cada caso, as condicións de validez dos seus resultados e a súa incorporación ó ordenamento xurídico.

3. Cando no exercicio democrático da súa libre decisión, os cidadáns e cidadás vascos manifestasen, en consulta formulada para o efecto, a súa vontade clara e inequívoca de alterar íntegra ou substancialmente o modelo e réxime de relación política co Estado español, así como as relacións co ámbito europeo e internacional, que se regulan no presente Estatuto, as institucións vascas e as do Estado entenderanse comprometidas a garantir un proceso de negociación para establecer as novas condicións políticas que permitan materializar, de común acordo, a vontade democrática da sociedade vasca.

Capítulo segundo.- Das garantías do autogoberno

Artigo 14.- Principios de relación política co Estado

O réxime de relacións entre a Comunidade de Euskadi e o Estado español que considera o presente Estatuto suxeitase ó establecemento dun réxime de garantías xurídicas baseado nos principios de lealdade institucional recíproca, cooperación e equilibrio entre poderes.

En virtude da natureza de pacto político deste réxime de relacións, o Estado deberá esgotar todos os instrumentos de cooperación e de prevención de conflitos que se establecen no presente Estatuto. En consecuencia, non resultará de aplicación unilateral, por parte do Estado, a previsión do artigo 155 da Constitución, nin poderá dictar unilateralmente medidas coercitivas de cumprimento obrigatorio para a Comunidade de Euskadi.



Artigo 15.- Comisión Bilateral Euskadi-Estado

1. Con carácter xeral, o Estado e a Comunidade de Euskadi garantirán o emprego do mecanismo de consulta previa, así como as cartas de cooperación, que constitúen requirimentos que poderán dirixirse libremente as institucións entre si co fin de obter a información e colaboración necesarias para harmonizar as súas actuacións respectivas e previr situacións eventuais de conflito.

2. Constitúese a Comisión Bilateral Euskadi-Estado, formada por un número igual de representantes designados polo Goberno do Estado e polo Goberno vasco, que coñecerá con carácter xeral das relacións institucionais de cooperación intergubernamental e que deberá harmonizar a aplicación dos seguintes procedementos singulares:

a) Coñecer e informar dos proxectos de lei que afecten ó desenvolvemento dos dereitos e deberes fundamentais.

b) Xestionar ante as Cortes Xerais ou o Parlamento vasco requirimentos de cooperación normativa cando se aprecie a tramitación de leis, disposicións normativas ou actos con forza de lei que poidan vulnerar o réxime de relacións e de reparto de competencias entre o Estado e a Comunidade de Euskadi.

3. A esta Comisión Bilateral corresponderalle, tamén, a coordinación e o seguimento das actuacións en materia de relacións exteriores.

4. A Comisión Bilateral Euskadi-Estado exercerá as súas funcións sen prexuízo dos outros organismos específicos de coordinación para políticas e materias concretas previstas no presente Estatuto.

Artigo 16.- Tribunal de Conflictos Euskadi-Estado

Establécense as seguintes medidas especiais de ordenación xurídica e procesual do Tribunal Constitucional en relación coa Comunidade de Euskadi.

1. Créase unha nova sala especial do Tribunal Constitucional, que se constituirá no Tribunal de Conflictos Euskadi-Estado, e coñecerá dos procedementos de declaración de inconstitucionalidade e dos conflitos constitucionais que se poidan suscitar en relación coas institucións e poderes da Comunidade de Euskadi, absorbendo, para tal fin, as facultades de entre as sinaladas que correspondan ó Tribunal en Pleno.

2. A sala especial do Tribunal Constitucional, constituída como Tribunal de Conflictos Euskadi-Estado, estará integrada por seis maxistrados. Os tres primeiros serán designados polo Tribunal Constitucional en Pleno, a proposta do Senado, e entre os maxistrados que xa se integran no tribunal. Os tres restantes serán de novo nomeamento, correspondendo este ó rei a proposta do Parlamento vasco, entre xuristas vascos que requirirán as mesmas condicións de competencia como xuristas que os maxistrados do Tribunal Constitucional.



Actuará como presidente da sala especial un dos seus maxistrados por quenda, que terá voto de calidade.

3. Establécese un novo procedemento de conflito de competencias negativo ante o Tribunal Constitucional, que terá como actor o Goberno vasco e como órgano requirido o Goberno do Estado, por declararse este incompetente para exercer as atribucións que lle confiren a Constitución ou as leis en relación á Comunidade de Euskadi. A sentenza do tribunal poderá, ou ben declarar a improcedencia do requirimento, ou ben declarar a súa procedencia, establecendo en tal caso un prazo dentro do cal se deberá exercer a atribución requirida.

4. Os poderes e institucións da Comunidade de Euskadi poderán exercer ante o Tribunal de Conflictos unha acción constitucional co obxecto de dirimir a afectación ó autogoberno vasco das sentencias recaídas en procesos nos que non fosen parte. Deducirase mediante un único escrito de interposición no prazo de dous meses desde a publicación no *Boletín Oficial del Estado* de tales sentencias, co fin de que o Tribunal de Conflictos Euskadi-Estado resolva sobre a produción de efectos pola sentenza no ámbito da Comunidade de Euskadi.

5. En virtude do presente Estatuto político, nos procedementos constitucionais nos que sexan parte as institucións vascas garantirase de modo singular o principio de equilibrio entre poderes, de modo que a impugnación polo Goberno do Estado das disposicións normativas e resolucións adoptadas polas institucións vascas non suporá a suspensión automática destas prevista cun carácter xeral no artigo 161.2 da Constitución.

Capítulo terceiro.- Da modificación e actualización do Estatuto Político

Artigo 17.- Procedemento de modificación e actualización

Sen prexuízo das especificidades establecidas na regulación do exercicio democrático do dereito a decidir, para a modificación e actualización deste Estatuto político atenderase ó seguinte procedemento:

- a) A iniciativa corresponderá ó Parlamento vasco a proposta de 1/5 parte dos seus membros, ó Goberno vasco, ou ás Cortes Xerais do Estado.
- b) A proposta terá que ser aprobada pola maioría absoluta do Parlamento vasco.
- c) Unha vez aprobada, iniciarase un proceso de negociación entre as institucións vascas e as do Estado, que deberá culminar nun prazo máximo de 6 meses.
- d) O acordo alcanzado, se é o caso, deberá ser aprobado polo Parlamento vasco e as Cortes Xerais e ratificado definitivamente pola sociedade vasca, mediante referendo convocado para tal efecto polo Goberno vasco.



e) No suposto de non alcanzarse un acordo, o Parlamento vasco poderá solicitar ó Goberno vasco que someta á ratificación da sociedade vasca mediante referendo a proposta inicialmente aprobada.

f) Se a proposta é ratificada pola sociedade vasca, iniciarase un novo proceso de negociación coas institucións do Estado para incorporar a vontade democrática da sociedade vasca ó ordenamento xurídico.

TÍTULO II.- DOS PODERES NA COMUNIDADE DE EUSKADI

Artigo 18.- Poderes de Euskadi

1. Os poderes de Euskadi emanan da súa cidadanía, a quen corresponde, en todo caso, a lexitimidade da súa articulación e o seu exercicio a través das súas propias institucións de autogoberno.

2. A Comunidade de Euskadi exerce o Poder Legislativo, o Poder Executivo e o Poder Xudicial a través do Parlamento vasco, do Goberno vasco e do seu lehendakari, e das institucións do Poder Xudicial en Euskadi, desde o respecto ó réxime foral privativo dos territorios históricos e de conformidade cos principios de independencia e separación de poderes que fundamentan o sistema democrático.

3. As institucións vascas e as institucións do Estado exercerán os seus poderes respectivos no ámbito que lles corresponda segundo o disposto no presente Estatuto, nun marco bilateral de cooperación e de respecto mutuo.

Capítulo primeiro.- Do Poder Legislativo. O Parlamento vasco

Artigo 19.- Funcións

1. O Parlamento vasco exerce a potestade legislativa da Comunidade de Euskadi, aproba os seus orzamentos e impulsa e controla a acción do Goberno vasco, todo isto sen prexuízo das demais atribucións e competencias que lle encomende este Estatuto, e das atribucións e competencias das institucións forais dos territorios históricos.

2. Corresponde, ademais, ó Parlamento vasco:

a) Designar os senadores que han de representar a Comunidade de Euskadi mediante o procedemento que para o efecto se sinala nunha lei do propio Parlamento vasco que asegurará a adecuada representación proporcional.

b) Solicitar do Goberno do Estado a adopción dun proxecto de lei ou remitir á Mesa do Congreso unha proposición de lei, delegando ante a dita Cámara os membros do Parlamento vasco encargados da súa defensa.

c) Interpoñer o recurso de inconstitucionalidade.



Artigo 20.- Natureza, composición e réxime de elección

1. O Parlamento vasco é inviolable.
2. O Parlamento vasco estará integrado por un número igual de representantes de cada Territorio Histórico elixidos por sufraxio universal, libre, directo e secreto.
3. A circunscrición electoral é o Territorio Histórico.
4. A elección verificarase en cada Territorio Histórico atendendo a criterios de representación proporcional.
5. O Parlamento vasco será elixido por un período de catro anos.
6. Unha lei electoral do Parlamento vasco regulará a elección dos seus membros e fixará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade que afecten ós postos ou cargos que se desempeñen dentro do seu ámbito territorial.
7. Os membros do Parlamento vasco serán inviolables polos votos e opinións que emitan no exercicio do seu cargo. Durante o seu mandato, polos actos delictuosos cometidos no ámbito territorial da Comunidade de Euskadi, non poderán ser detidos nin retidos senón en caso de flagrante delicto, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi. Fóra do ámbito territorial da Comunidade de Euskadi, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 21.- Organización e funcionamento

1. O Parlamento vasco elixirá de entre os seus membros un presidente, unha Mesa e unha Deputación Permanente; funcionará en Pleno e comisións. O Parlamento fixará o seu regulamento interno, que deberá ser aprobado pola maioría absoluta dos seus membros. O Parlamento aprobará o seu orzamento e o estatuto do seu persoal.
2. Os períodos ordinarios de sesións durarán como mínimo oito meses ó ano.
3. A Cámara poderá reunirse en sesión extraordinaria a petición do Goberno, da Deputación Permanente ou da terceira parte dos seus membros. As sesións extraordinarias deberán convocarse cunha orde do día determinada e serán clausuradas unha vez que se esgote.
4. A iniciativa legislativa corresponde ós membros do Parlamento, ó Goberno e ás institucións forais dos territorios históricos, nos termos establecidos pola lei. Os membros do Parlamento poderán, tanto en Pleno



como en comisións, formular rogos, preguntas, interpelacións e mocións nos termos que regulamentariamente se establezan.

5. A iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei, que deban ser tramitadas polo Parlamento vasco, regularase por este mediante lei, tendo en conta que esta é unha materia que pertence ó ámbito competencial exclusivo das institucións vascas.

6. En caso de extraordinaria e urxente necesidade, o Goberno poderá dictar disposicións legislativas provisionais que tomarán a forma de decretos lei e que non poderán afectar ó ordenamento das institucións básicas da Comunidade de Euskadi, ós dereitos, deberes e liberdades da cidadanía, ó réxime de relación e reparto de competencias cos territorios históricos, nin ó réxime electoral interior.

Os decretos lei deberán ser inmediatamente sometidos a debate e votación de totalidade no Parlamento vasco, convocado para o efecto se non estivese reunido, no prazo dos trinta días seguintes á súa promulgación. A Cámara deberá pronunciarse expresamente dentro do dito prazo sobre a súa validación ou derogación, para o cal o Regulamento establecerá un procedemento especial e sumario. Así mesmo, dentro do mesmo prazo citado, poderase proceder á súa tramitación como proxectos de lei polo procedemento de urxencia.

7. As leis do Parlamento serán promulgadas polo lehendakari, o cal ordenará a súa publicación no *Euskal Herriko Aldizkari Ofizial* (Boletín Oficial da Comunidade de Euskadi) no prazo de quince días desde a súa aprobación.

Capítulo segundo.- Do Poder Executivo. O Goberno vasco e o lehendakari

Artigo 22.- Natureza e funcións

O Goberno vasco é o órgano colexiado que exerce as funcións executivas e administrativas de Euskadi.

Artigo 23.- Organización

As atribucións do Goberno e a súa organización, baseada no lehendakari e conselleiros e conselleiras, así como o estatuto dos seus membros, serán regulados polo Parlamento.

Artigo 24.- Réxime de cesamento e responsabilidade

1. O Goberno vasco cesa tras a celebración de eleccións do Parlamento, no caso de perda da confianza parlamentaria ou por dimisión ou falecemento do lehendakari.



2. O Goberno cesante continuará en funcións ata a toma de posesión do novo Goberno.

3. O Goberno responde politicamente dos seus actos, de forma solidaria, ante o Parlamento vasco, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada membro pola súa xestión respectiva.

4. O lehendakari e os membros do Goberno, durante o seu mandato e polos actos delictuosos cometidos no ámbito territorial da Comunidade de Euskadi, non poderán ser detidos nin retidos, senón en caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo ó Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi. Fóra do ámbito territorial da Comunidade de Euskadi, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Artigo 25.- O lehendakari

1. O lehendakari será designado de entre os seus membros polo Parlamento vasco e nomeado polo rei. O nomeamento do lehendakari será efectivo tras a súa toma de posesión nun acto solemne, de acordo coas tradicións e símbolos de identidade vascos.

2. O Parlamento vasco determinará por lei a forma de elección do lehendakari e as súas atribucións, así como as relacións do Goberno co Parlamento.

3. O lehendakari designa e separa os conselleiros e conselleiras do Goberno e dirixe a súa acción, exercendo á vez a máis alta representación da Comunidade de Euskadi.

Capítulo terceiro.- Do Poder Xudicial. O Consello Xudicial Vasco

Artigo 26.- Competencia e órganos xurisdiccionais

1. A organización xudicial vasca culminará no Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi, que terá competencia en todo o territorio da Comunidade de Euskadi, e ante o que se esgotarán as sucesivas instancias procesuais, incluíndo os recursos de casación ou a última instancia que proceda en todos os ámbitos da xurisdicción.

2. A competencia dos órganos xurisdiccionais na Comunidade de Euskadi esténdese a todos os ámbitos, instancias e graos, independentemente do dereito aplicado, coa única excepción no conxunto do Estado da xurisdicción do Tribunal Supremo.

3. En relación coa competencia dos órganos xurisdiccionais na Comunidade de Euskadi, corresponderá ó Tribunal Supremo, como órgano



superior do Poder Xudicial, a unificación de doutrina ante a aplicación do dereito de forma inequivocamente contradictoria, entre diversos órganos xudiciais ou respecto á xurisprudencia do propio Tribunal Supremo, así como o coñecemento dos conflitos de competencia e de xurisdicción entre os órganos xudiciais da Comunidade de Euskadi e os demais do Estado.

4. Así mesmo, en relación coa competencia dos órganos xurisdiccionais na Comunidade de Euskadi, as anteriores previsións deste artigo entenderanse sen prexuízo da xurisdicción que, en amparo e protección dos dereitos fundamentais, corresponde ó Tribunal Constitucional, así como ó Tribunal Europeo de Dereitos Humanos con sede actual en Estrasburgo, de acordo coas súas respectivas regulacións en vigor.

Artigo 27.- Goberno do Poder Xudicial. O Consello Xudicial vasco

1. O goberno do Poder Xudicial no ámbito da Comunidade de Euskadi corresponde á institución vasca denominada Consello Xudicial vasco, que exercerá as súas competencias e funcións en estreita colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial no Estado co fin de preservar os principios de unidade e independencia xurisdiccional. O Consello Xudicial vasco desenvolverá as súas competencias sen prexuízo das atribucións que corresponden ós presidentes dos tribunais e ós titulares dos restantes órganos xurisdiccionais con respecto ó seu propio ámbito orgánico.

2. O Consello Xudicial vasco designará o presidente do Tribunal Superior de Xustiza e corresponderanlle, así mesmo, as facultades de inspección de xulgados e tribunais, así como a consulta e informe sobre as materias que afecten ó Poder Xudicial na Comunidade de Euskadi. Do mesmo modo, compételle ó Consello Xudicial vasco a aplicación do disposto nas leis do Parlamento vasco de acordo cos criterios esenciais e substantivos fixados na Lei orgánica do Poder Xudicial, en materia de selección, provisión, carreira, formación, réxime disciplinario e de retribucións de secretarios, xuíces, maxistrados e fiscais en Euskadi, tendo en conta para os ditos efectos o carácter preferente do coñecemento do dereito vasco e do éuscaro.

3. O Consello Xudicial vasco estará integrado polo presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi, que o presidirá, e por un conxunto de membros cuxa composición e estatuto xurídico serán regulados mediante lei do Parlamento vasco, atendendo á súa competencia e a un criterio mixto que garanta a elección dunha parte dos membros entre xuíces e maxistrados que exerzan as súas funcións na Comunidade de Euskadi.

Artigo 28.- Ministerio Fiscal

1. A organización e funcionamento do Ministerio Fiscal no ámbito da Comunidade de Euskadi regularase mediante lei do Parlamento vasco, que lle atribuirá a defensa da legalidade no seu conxunto, mediante o exercicio de



cantas accións lle encomende o ordenamento xurídico en todos os ámbitos da xurisdicción.

2. O fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi será designado polo Consello Xudicial vasco e exercerá a xefatura directa sobre o conxunto de fiscalías e a súa organización na Comunidade de Euskadi. Así mesmo, corresponderalle a proposta de nomeamento e de carreira de fiscais para a súa designación polo Consello Xudicial vasco, así como as demais facultades propias do cargo.

Artigo 29.- Administración de Xustiza

1. A Comunidade de Euskadi exercerá no seu territorio todas as facultades executivas e de carácter orgánico que especifique o ordenamento xurídico en relación coa Administración de Xustiza, en aplicación dos mesmos principios e leis procesuais que rexen no Estado co obxecto de garantir a defensa dos dereitos e deberes fundamentais da cidadanía.

2. A Xustiza na Comunidade de Euskadi será gratuíta nos termos que estableza a lei e, en todo caso, para quen acredite insuficiencia de medios económicos, de modo que teña garantido o dereito de defensa profesional e independente en todos os procesos en que, conforme a lei, así se requira.

3. A Comunidade de Euskadi ten competencia exclusiva en materia de planta xudicial, demarcacións territoriais e fixación da súa capitalidade, dispoñendo para estes efectos da facultade de crear novos xulgados e seccións, e de dotar a todos os órganos xudiciais dos medios materiais, orgánicos e persoais que sexan precisos.

4. Por lei do Parlamento vasco crearanse os corpos de funcionarios do persoal ó servizo da Administración de Xustiza na Comunidade de Euskadi e establecerase o seu correspondente estatuto xurídico e o réxime da súa relación de servizo.

5. Establecerase o marco preciso de cooperación entre o Goberno vasco e o Ministerio de Xustiza para a ordenada xestión da Administración de Xustiza na Comunidade de Euskadi e a súa coordinación co ámbito estatal e europeo.

Artigo 30.- Policía Xudicial

A Policía vasca ou Ertzaintza, en canto actúe como Policía xudicial, estará ó servizo do Poder Xudicial, nos termos que dispoñan as leis procesuais.



TÍTULO III.- DO RÉXIME DE RELACIÓN POLÍTICA E INSTITUCIONAL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Das institucións vascas

Artigo 31.- Institucións vascas

As institucións vascas exercerán os poderes da Comunidade de Euskadi, de conformidade coas atribucións que lles asigna o presente Estatuto e as leis.

Para os efectos deste Estatuto, teñen a consideración de institucións comúns vascas o Parlamento vasco, o Goberno vasco e o lehendakari, e as institucións do Poder Xudicial na Comunidade de Euskadi.

Así mesmo son institucións vascas as institucións forais privativas dos seus territorios históricos, as xuntas xerais e as deputacións forais.

Do mesmo modo, forman parte do marco institucional da Comunidade de Euskadi as súas institucións municipais.

Artigo 32.- Capitalidade

A designación da capital da Comunidade de Euskadi, así como a sede das súas institucións comúns, farase mediante lei do Parlamento vasco.

Capítulo segundo- Da institucionalización e as relacións internas

Artigo 33.- Territorios históricos

1. Cada un dos territorios históricos que integran a Comunidade de Euskadi poderá, no seu seo, conservar e actualizar a súa organización e institucións privativas de autogoberno. De acordo coa súa tradición histórica, son institucións forais dos territorios históricos as súas respectivas xuntas xerais e deputacións forais.

2. Para a elección dos órganos representativos dos territorios históricos atenderase a criterios de sufraxio universal, libre, directo, secreto e de representación proporcional, con circunscricións electorais que procuren unha representación adecuada de todas as zonas de cada territorio.

Artigo 34.- Réxime de relación e reparto de competencias

1. Desde o respecto ó réxime foral privativo dos territorios históricos, o sistema de relación e reparto de competencias entre as institucións comúns e



forais atenderá ós principios de colaboración, solidariedade, subsidiariedade e federalismo de execución.

2. Unha lei do Parlamento vasco articulará o réxime de relación e o reparto de atribucións e competencias entre as institucións vascas para o exercicio das facultades e competencias recoñecidas no presente Estatuto.

3. Garantirase a conservación e actualización, atendendo a criterios de mellora e modernización da súa funcionalidade para as políticas públicas, dun marco competencial que constitúa o réxime privativo de competencias de cada Territorio Histórico, de acordo coas seguintes materias:

- a) Organización, réxime e funcionamento das súas propias institucións de autogoberno.
- b) Demarcacións territoriais de ámbito supramunicipal que non excedan dos límites do territorio.
- c) Réxime electoral municipal.
- d) Réxime dos bens territoriais e municipais.
- e) Estradas e camiños.
- f) Establecemento e regulación, dentro do seu territorio, do réxime tributario, así como a exacción, xestión, liquidación, inspección, revisión e recadación dos correspondentes tributos, no marco da potestade tributaria recoñecida ás institucións vascas no presente Estatuto e das normas de harmonización fiscal, coordinación e colaboración que estableza o Parlamento vasco.
- g) Todas aquelas que lle sexan atribuídas por lei do Parlamento vasco.

4. As institucións forais terán autonomía financeira e orzamentaria e disporán da súa propia Facenda para o adecuado exercicio e financiamento das súas facultades e competencias. Así mesmo, elaborarán e aprobarán anualmente os seus respectivos orzamentos, que conterán a totalidade dos ingresos e gastos da súa actividade pública.

5. A coordinación e harmonización da Facenda Xeral de Euskadi coa Facenda das institucións forais levarase a cabo de conformidade coas normas que para tal efecto dicte o Parlamento vasco.

Artigo 35.- Comisión Arbitral

Os conflitos de competencia que se poidan suscitar entre as institucións comúns da Comunidade de Euskadi e as de cada un dos seus territorios históricos someteranse á decisión dunha Comisión Arbitral, formada por un número igual de representantes designados libremente polo Goberno vasco e pola Deputación Foral do territorio interesado, e presidida polo presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi, conforme ó procedemento que unha lei do Parlamento vasco determine.



Artigo 36.- Municipios vascos

Por lei do Parlamento vasco establecerase o réxime xurídico e de competencias dos municipios vascos, e regularase e protexerase a súa autonomía. A citada lei municipal atenderá ós principios básicos establecidos na Carta Europea de Autonomía Local e comprenderá a garantía de participación no marco vasco de relacións institucionais e na elaboración e coordinación de políticas públicas.

TÍTULO IV.- DO EXERCICIO DO PODER PÚBLICO NA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Do exercicio do autogoberno vasco

Artigo 37.- Valores rectores do marco social e económico

O autogoberno vasco desenvolveranse nun marco social e económico de progreso ético que se sustenta nos seguintes valores:

- Un modelo de desenvolvemento sostible.
- A igualdade efectiva de homes e mulleres en todos os ámbitos.
- O benestar e a calidade de vida das persoas.
- A liberdade de empresa e a creación de riqueza.
- A participación na empresa e a cooperación interempresarial.
- A xustiza social e a solidariedade coas persoas máis desfavorecidas.
- O equilibrio e a cohesión territorial.
- A garantía de acceso de todas as persoas a un sistema educativo, sanitario e de protección social adecuado e de calidade.
- O respecto á pluralidade e á participación democrática da sociedade civil.

Artigo 38.- Dereito ó bo goberno e á boa administración

Os poderes públicos vascos velarán no exercicio das súas funcións pola interdicción da arbitrariedade nas administracións, o dereito ó seu bo funcionamento e a función social dos fins político-administrativos na xestión pública.

De acordo con iso, garantirase a todos os cidadáns e cidadás vascos o dereito ó bo goberno e á boa administración, que se materializará mediante o desenvolvemento dos seguintes contidos:

- O funcionamento transparente da Administración, a información sobre os dereitos e os procedementos, o acceso ós rexistros públicos e a motivación suficiente na actuación administrativa.



- A funcionalidade, eficacia e simplicidade dos procedementos administrativos e a tramitación sen dilacións indebidas.
- A aplicación da presunción de que os administrados e administradas actúan sempre de boa fe, salvo proba en contrario a cargo da Administración.
- A correspondencia, en termos de eficiencia, entre o custo dos servizos públicos, a súa xustificación social e os resultados obtidos.
- O deber das administracións de velar en cada actuación pola aplicación de modelos de calidade, establecendo instrumentos de avaliación externa dos servizos que prestan, máis alá dos controis administrativos.
- A plena e eficaz responsabilidade polo funcionamento administrativo que resulte deficiente, de acordo coas leis.

Artigo 39.- Participación da sociedade civil

Os poderes públicos vascos establecerán os mecanismos adecuados para facilitar e estimular a participación cidadá nos asuntos públicos, incluídos tanto o ámbito socioeconómico como tamén os ámbitos sociais, culturais e educativos, a través dos instrumentos que unha lei do Parlamento vasco ou as leis sectoriais deste determinen.

Capítulo segundo.- Do réxime xeral de exercicio do poder público

Artigo 40.- Exercicio do poder público

O poder público será exercido na Comunidade de Euskadi de conformidade cos principios básicos de relación e coa atribución de competencias que se establecen no presente Estatuto.

Artigo 41.- Principios de relación administrativa co Estado

Constitúen principios básicos de relación administrativa entre a Comunidade de Euskadi e o Estado español respecto ó exercicio das súas respectivas competencias ou atribucións, os seguintes:

- a) O intercambio de información, a coordinación e a cooperación, de acordo coa lealdade institucional e no marco dos mecanismos de colaboración e de garantías recíprocas que se establecen no presente Estatuto.
- b) O respecto e a non inxerencia no exercicio de potestades e ámbitos de competencias respectivos, de conformidade coa asignación e o reparto que se recollen no presente Estatuto.
- c) A subsidiariedade, a través do criterio da Administración máis idónea, respecto ó exercicio de todas as potestades públicas de execución.
- d) A harmonización de actuacións cando se susciten diverxencias entre as institucións respectivas, sen prexuízo da aplicación do sistema de garantías e procedementos establecidos neste Estatuto.



Artigo 42.- As políticas públicas no reparto de competencias

1. Para a asignación e reparto do poder público na Comunidade de Euskadi atenderase prioritariamente o criterio de atribución de políticas públicas, e aplicarase o reparto por materias de forma subsidiaria e para os efectos da súa incorporación nunha política pública determinada.

2. Constitúe unha política pública, para os efectos do presente Estatuto, o conxunto de materias competenciais e actividades administrativas sobre as que as institucións exercen as potestades lexislativas e de execución precisas para a súa plena conformación e desenvolvemento, co fin de prestar un servizo integral ós cidadáns e cidadás vascos.

Artigo 43.- Atribución de potestades lexislativas ás institucións vascas

1. Corresponderá á Comunidade de Euskadi exercer no seu ámbito territorial a potestade lexislativa en todas aquelas políticas públicas e ámbitos competenciais non atribuídos expresamente ó Estado no presente Estatuto.

2. Nas políticas públicas e ámbitos competenciais atribuídos á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo, disporá da plena titularidade das potestades normativa, lexislativa e regulamentaria ou de desenvolvemento. O Dereito emanado das institucións vascas nos ditos ámbitos será o único aplicable na Comunidade de Euskadi, sen prexuízo, cando proceda, da aplicación directa do Dereito europeo, correspondendo por tanto ás institucións vascas a transposición ó propio ordenamento xurídico das disposicións europeas que así o requiran.

3. En virtude deste Estatuto, a aplicación na Comunidade de Euskadi das reservas de ámbitos materiais correspondentes ás leis orgánicas do Estado, entenderanse sen prexuízo do respecto á regulación polas leis vascas das institucións e das políticas públicas e ámbitos competenciais atribuídos á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo.

Artigo 44.- Atribución de potestades de execución ás institucións vascas

1. En virtude deste Estatuto, con carácter xeral, corresponden á Comunidade de Euskadi, dentro do seu territorio, as potestades de execución de todas as políticas públicas, salvo naquelas políticas públicas atribuídas ó Estado con carácter exclusivo no ámbito da Comunidade de Euskadi, de acordo co disposto neste Estatuto.

2. As potestades de execución atribuídas ás institucións vascas estenderanse a todas as funcións executivas, tanto das leis estatais que correspondan como das leis vascas, e comprenderán a potestade de dictar os regulamentos de desenvolvemento, executivos e de organización das leis, así como a completa xestión e administración dos servizos, incluída a función inspectora e revisora. Para estes efectos, unicamente serán aplicables no



ámbito territorial da Comunidade de Euskadi as normas regulamentarias e instrucións dictadas polas institucións vascas e as súas correspondentes autoridades.

3. As atribucións e competencias da Comunidade de Euskadi previstas neste Estatuto entenderanse referidas ó seu ámbito territorial. No caso de que a regulación ou o exercicio das súas potestades por parte das institucións vascas puideran afectar a outros ámbitos territoriais externos, arbitraranse os correspondentes convenios de cooperación e colaboración coas autoridades estatais ou autonómicas que procedan.

4. O Estado garantirá o dereito da Comunidade de Euskadi a designar representantes que participarán ó máximo nivel rector nas autoridades administrativas independentes, institucións financeiras e empresas públicas españolas, cuxa actuación incida, directa ou indirectamente, nas competencias ou intereses de Euskadi.

Capítulo terceiro.- Das políticas públicas exclusivas do Estado

Artigo 45.- Políticas públicas atribuídas ó Estado no ámbito da Comunidade de Euskadi

1. Na súa relación coa Comunidade de Euskadi, quedan reservadas ó Estado baixo carácter exclusivo, as potestades lexislativas e de execución que correspondan, nos termos que a continuación se establecen, para os efectos que requira a elaboración, execución e control de políticas públicas nos seguintes ámbitos:

- a) Nacionalidade española, estranxeiría e dereito de asilo, sen prexuízo do carácter compartido das políticas de emigración e inmigración, en función da súa incidencia nas políticas sectoriais exclusivas da Comunidade de Euskadi.
- b) Defensa e forzas armadas.
- c) Réxime de produción, comercio, posesión e uso de armas e explosivos.
- d) Sistema monetario.
- e) Réxime aduaneiro e arancelario.
- f) Mariña mercante; abandeiramento de buques e matriculación de aeronaves; control do espazo aéreo.
- g) Relacións internacionais, sen prexuízo das actuacións con repercusión exterior que se recoñecen á Comunidade de Euskadi neste Estatuto.

2. Así mesmo na súa relación coa Comunidade de Euskadi, queda reservado ó Estado dictar a lexislación común nos ámbitos que a continuación se sinalan, sen prexuízo da capacidade das institucións vascas para o seu desenvolvemento e adaptación ó seu dereito substantivo, así como para a súa aplicación e exercicio das potestades de execución que correspondan.



De acordo con iso, corresponderá ó Estado:

- a) Lexislación penal, penitenciaria e procesual, sen prexuízo das particularidades do dereito substantivo vasco.
- b) Lexislación mercantil, sen prexuízo do desenvolvemento das bases das obrigas contractuais de carácter mercantil, así como, se é o caso, das bases dos contratos e concesións administrativas.
- c) Lexislación civil, sen prexuízo do dereito privado civil foral ou propio de Euskadi.
- d) Lexislación de propiedade intelectual e industrial.
- e) Pesas e medidas, contraste de metais e determinación da hora oficial.

Capítulo cuarto.- Das políticas públicas exclusivas da Comunidade de Euskadi

Sección 1ª.- Políticas públicas exclusivas de réxime xeral

Artigo 46.- Políticas de institucionalización e autogoberno

Corresponden á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo as políticas públicas de institucionalización e autogoberno. Para a elaboración, execución e control destas políticas públicas, as institucións vascas exercerán todas as potestades lexislativas e de execución nas seguintes materias e ámbitos:

- a) Réxime privativo de autoorganización e funcionamento, símbolos e institucións de autogoberno.
- b) Demarcacións territoriais dentro da Comunidade de Euskadi.
- c) Réxime electoral.
- d) Estatuto xurídico dos funcionarios.
- e) Procedemento administrativo derivado do dereito e da organización propia; expropiación forzosa, sistema de responsabilidade, patrimonio e réxime xurídico de todas as administracións públicas da Comunidade de Euskadi.
- f) Asociacións e fundacións.
- g) Dereito privado civil foral ou propio de Euskadi, que incluírá:
 - A determinación do réxime de suxeición ó dito dereito dentro do seu territorio.
 - A ordenación e xestión de todos os rexistros e instrumentos públicos civís no territorio da Comunidade de Euskadi baixo dependencia administrativa ou xudicial das institucións vascas.
 - A ordenación das relacións xurídico-civís relativas ó dereito de familia, incluídos os efectos da regulación das unións estables de persoas alternativas ó réxime de matrimonio.



- A ordenación das relacións xurídico-civís de carácter económico e patrimonial, con respecto ás bases das obrigas contractuais que estableza o Estado.

Artigo 47.- Políticas educativas e culturais

1. Corresponde á Comunidade de Euskadi o desenvolvemento constitucional dos dereitos e deberes fundamentais respecto ó réxime xurídico de uso das linguas, os dereitos de expresión e comunicación, o dereito á educación e á liberdade de ensinanza.

2. Para a elaboración, execución e control das políticas públicas educativas e culturais que lle corresponden con carácter exclusivo á Comunidade de Euskadi, as institucións vascas exercerán todas as potestades legislativas e de execución nas seguintes materias e ámbitos:

a) Ensinanza, tanto non universitaria como universitaria, en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, incluída a aprendizaxe permanente.

b) Formación Profesional, que incluírá todos os subsistemas de cualificación e formación profesional regrada, ocupacional e continua.

c) Obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

d) Defensa e protección do patrimonio cultural, artístico e monumental.

e) Artesanía.

f) Museos, bibliotecas e arquivos.

g) Cinematografía, artes escénicas, deporte e espectáculos.

h) Réxime de prensa, radio, televisión e en xeral de todos os medios de comunicación social.

3. En relación cos aspectos sobre identidade e representación cultural da Comunidade de Euskadi, o Estado garantirá o respecto á representatividade internacional da identidade vasca en todas as manifestacións culturais dos ámbitos do deporte e da industria, produción e creación literaria, artística, científica e técnica, incluíndo a representación da Comunidade de Euskadi en órganos internacionais e a promoción exterior da cultura vasca, para o que poderá subscribir acordos con institucións e organismos internacionais ou doutros países.

4. Euskadi ten dereito a dispoñer no ámbito deportivo das súas propias seleccións nacionais, que poderán participar con carácter oficial nas competicións internacionais.



Artigo 48.- Políticas sociais e sanitarias

Corresponden á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo as políticas públicas sociais e sanitarias. Para a elaboración, execución e control destas políticas públicas, as institucións vascas posuirán todas as potestades legislativas e de execución nas seguintes materias e ámbitos:

- a) Sanidade interior e exterior.
- b) Ordenación farmacéutica, produtos sanitarios e farmacéuticos.
- c) Asistencia social.
- d) Institucións e establecementos de protección e tutela de menores.
- e) Réxime e institucións penitenciarias e de reinserción social.
- f) Desenvolvemento comunitario.
- g) Políticas de igualdade de xénero.
- h) Política infantil, xuvenil e de terceira idade.
- i) Integración social e laboral da inmigración.
- j) Políticas de protección á familia.

Artigo 49.- Políticas sectoriais económicas e financeiras

Corresponden á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo as políticas públicas sectoriais económicas e financeiras. Para a elaboración, execución e control destas políticas públicas, as institucións vascas posuirán todas as potestades legislativas e de execución nas seguintes materias e ámbitos:

- a) Defensa do consumidor e do usuario.
- b) Instalacións de produción, distribución e transporte de enerxía.
- c) Réxime mineiro e enerxético; recursos xeotérmicos.
- d) Agricultura e gandería.
- e) Montes, aproveitamentos e servizos forestais, vías pecuarias e pastos.
- f) Pesca marítima e ordenación do sector pesqueiro, marisqueo e acuicultura, caza e pesca fluvial e lacustre.
- g) Industria.
- h) Telecomunicacións.
- i) Réxime das novas tecnoloxías relacionadas coa sociedade da información e do coñecemento.
- j) Investigación científica e técnica.
- k) Comercio interior e exterior; feiras e mercados; denominacións de orixe e publicidade.
- l) Corporacións de dereito público, en particular, confrarías de pescadores, e cámaras de comercio, industria e navegación.
- m) Colexios profesionais e exercicio de profesións tituladas; réxime de notarios, rexistradores da propiedade, axentes de cambio e bolsa, e corredores de comercio.
- n) Turismo, ocio e esparcemento.
- o) Casinos, xogos e apostas.



- p) Ordenación do crédito, banca e seguros.
- q) Cooperativas e mutualidades non integradas na Seguridade Social.
- r) Institucións de crédito e caixas de aforros.
- s) Bolsas de comercio e demais centros de contratación de mercancías e de valores.
- t) Estatística.

Artigo 50.- Políticas de recursos naturais, ordenación territorial, vivenda e medio ambiente

1. Corresponden á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo as políticas públicas de recursos naturais, ordenación territorial, vivenda e medio ambiente. Para a elaboración, execución e control destas políticas públicas, as institucións vascas posuirán todas as potestades lexislativas e de execución nas seguintes materias e ámbitos:

- a) Medio ambiente e ecoloxía.
- b) Salvamento marítimo e vertidos industriais e contaminantes.
- c) Aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos, augas minerais, termais e subterráneas.
- d) Ordenación do territorio e do litoral.
- e) Urbanismo e vivenda.

2. En virtude deste Estatuto, constituirán bens de dominio público da Comunidade de Euskadi os recursos naturais situados no seu territorio e, en particular, a zona marítimo-terrestre do seu litoral e as súas praias, o mar territorial adxunto ata o límite de doce millas, e os recursos naturais existentes neles. Por lei do Parlamento vasco, que respectará as normas e tratados internacionais e os principios e obxectivos esenciais da lexislación estatal, regularase a súa administración, defensa e conservación.

Artigo 51.- Políticas de infraestructuras e transportes

1. Corresponden á Comunidade de Euskadi con carácter exclusivo as políticas públicas de infraestructuras e transportes. Para a elaboración, execución e control destas políticas públicas, as institucións vascas posuirán todas as potestades lexislativas e de execución nas seguintes materias e ámbitos:

- a) Ferrocarrís.
- b) Transportes terrestres, marítimos, fluviais e por cable.
- c) Portos, heliportos e aeroportos.
- d) Servicio meteorolóxico.
- e) Centros de contratación e terminais de carga en materia de transporte.
- f) Obras públicas.
- g) Tráfico e circulación de vehículos a motor.



2. En virtude deste Estatuto, serán de titularidade plena da Comunidade de Euskadi todas as obras públicas e infraestruturas que se atopen total ou parcialmente no seu territorio, independentemente da súa cualificación de interese xeral, incluídas todas aquelas que constitúen soporte dos sistemas de transporte e comunicacións respecto dos treitos que se localicen ou transcorran polo seu ámbito territorial

3. As institucións vascas coordinarán as súas actuacións e colaborarán co Estado e coas comunidades autónomas co fin de salvagardar os seus intereses respectivos, aplicando a lexislación específica sobre infraestruturas e obras públicas de interese xeral, sen prexuízo do disposto neste Estatuto.

Sección 2ª.- Políticas públicas exclusivas de réxime específico

Artigo 52.- Políticas de seguridade pública

1. En virtude deste Estatuto, corresponden á Comunidade de Euskadi, para a protección das persoas e bens, todas as funcións gobernativas e de seguridade que establezan as leis, así como o réxime da súa propia policía ou Ertzaintza.

2. Quedan reservadas ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, para o seu exercicio na Comunidade de Euskadi, única e exclusivamente, os servicios policiais asociados ó control das políticas públicas atribuídas ó Estado con carácter exclusivo neste Estatuto.

3. O mando supremo da Ertzaintza corresponde ó lehendakari.

4. Unha Xunta de Seguridade, formada, en número igual, por representantes do Estado e da Comunidade de Euskadi, garantirá a coordinación entre a Ertzaintza e as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, respecto a aqueles delitos que afecten tanto á Comunidade de Euskadi como ó Estado.

Artigo 53.- Políticas socio-laborais e de emprego

1. Atribúense á Comunidade de Euskadi todas as potestades e funcións públicas necesarias para establecer e regular o seu ámbito socio-laboral propio. Exercerá as súas competencias en materia socio-laboral atendendo ós dereitos e obrigas esenciais de traballadores e empresarios definidos nos ámbitos estatal e europeo.

2. Corresponden á Comunidade de Euskadi a potestade lexislativa e a potestade de execución en materia laboral, de emprego, formación e prevención de riscos laborais. Para tal fin, a Comunidade de Euskadi poderá organizar, xestionar e tutelar, dentro do seu territorio, todos os servicios



relacionados coas materias citadas, incluída a función inspectora, sen prexuízo da colaboración e cooperación co Estado.

3. As institucións vascas serán competentes para determinar, dentro do seu ámbito territorial, a representatividade das organizacións sindicais e empresariais atendendo a criterios estrictamente democráticos, así como o réxime e eficacia da negociación colectiva, sen prexuízo do respecto á vontade pactada entre as organizacións sindicais e empresariais da Comunidade de Euskadi.

4. As institucións vascas establecerán os oportunos instrumentos bilaterais co Estado e a Unión Europea para a colaboración e cooperación no exercicio das competencias en materia laboral. As relacións de carácter financeiro derivadas do exercicio destas, incluída a participación en fondos de ámbito estatal ou europeo, suxeitaranse ó sistema de Concerto Económico previsto neste Estatuto, atendendo ó principio de solidariedade.

5. Os poderes públicos vascos axustarán o exercicio das competencias en materia laboral a criterios de participación democrática das organizacións sindicais e empresariais, procurarán que as condicións de traballo se adecúen ó nivel de desenvolvemento e progreso social, e promoverán a cualificación dos traballadores e traballadoras e a súa formación continua ó longo de toda a vida laboral.

6. O Consello Vasco de Relacións Laborais será a entidade consultiva das institucións vascas en materia sociolaboral e constituirá o órgano de encontro e diálogo permanente entre as organizacións sindicais e as confederacións empresariais no ámbito da Comunidade de Euskadi, co obxectivo de fomentar a negociación colectiva e promover a mediación e a arbitrase nos conflitos laborais.

O Consello Vasco de Relacións Laborais gozará de personalidade xurídica propia e independente para o desenvolvemento das súas atribucións, que serán reguladas por lei do Parlamento vasco.

Artigo 54.- Políticas de protección social

1. Os poderes públicos vascos manterán un réxime público de seguridade social para todos os cidadáns e cidadás, que garanta a asistencia e as prestacións sociais suficientes ante situacións de necesidade.

2. Corresponde ás institucións vascas a potestade de desenvolvemento da lexislación do Estado en materia de previsión social e de seguridade social, así como a xestión do sistema público de seguridade social no seu ámbito territorial, que se exercitará cun orzamento propio e que incluírá a función recadadora das cotizacións sociais percibidas na Comunidade de Euskadi e a xestión do patrimonio situado no seu territorio e afecto ó sistema.



3. As institucións vascas garantirán o principio de unidade na titularidade dos recursos do sistema de seguridade social do conxunto do Estado. Para tal efecto, a súa participación financeira nel suxeitarase ó sistema de Concerto Económico previsto neste Estatuto, no que se regularán os fluxos económicos e os mecanismos de inspección que garantan os principios de solidariedade e non discriminación cos cidadáns e cidadás do conxunto do Estado.

4. A Comunidade de Euskadi poderá organizar e administrar dentro do seu territorio todos os servizos relacionados coas materias expresadas neste artigo e exercerá a tutela das institucións, entidades e fundacións en materia de seguridade social.

TÍTULO V.- DA ECONOMÍA, FACENDA E PATRIMONIO NA COMUNIDADE DE EUSKADI

Capítulo primeiro.- Do exercicio do poder público no ámbito económico

Artigo 55.- Principios de relación económica co Estado

1. As institucións vascas exercerán as facultades e competencias recoñecidas no presente título, de conformidade co réxime de relación e reparto de competencias establecido neste Estatuto e nas normas que para tal efecto dicte o Parlamento vasco.

2. Pola súa parte, o Estado, no ámbito da Comunidade de Euskadi, axustará o exercicio das facultades e competencias que lle atribúe a Constitución ó disposto no presente título.

3. As relacións de orde económica e financeira entre a Comunidade de Euskadi e o Estado derivadas do exercicio das súas respectivas facultades e competencias desenvolveranse de forma bilateral e deberán formalizarse mediante o sistema foral tradicional de Concerto Económico, a través das disposicións legais ou regulamentarias de carácter paccionado que correspondan.

4. Os conflitos e discrepancias que se susciten serán formulados e, se é o caso, resoltos por unha comisión mixta integrada por igual número de representantes das institucións da Comunidade de Euskadi e do Estado. No seo desta comisión mixta estableceranse os oportunos instrumentos bilaterais para a coordinación, harmonización e colaboración no exercicio de todas as facultades e competencias recoñecidas no presente título e a súa adecuación ás políticas públicas do Estado e da Unión Europea.



5. En particular, arbitraranse os mecanismos oportunos que permitan a participación das institucións vascas na Unión Europea, así como nos tratados e convenios internacionais que incidan no exercicio das facultades e competencias recoñecidas no presente título.

6. Nos termos que se acorden en virtude do procedemento previsto nos apartados anteriores, os poderes públicos vascos axustarán o exercicio das facultades e competencias recoñecidas no presente título ó principio de solidariedade, equilibrio económico territorial e ó respecto e garantía da liberdade de circulación e establecemento das persoas e da libre circulación de bens, capitais e servicios, sen que se produzan efectos discriminatorios nin menoscabo das posibilidades da libre competencia empresarial.

Capítulo segundo.- Da ordenación económica e financeira de Euskadi

Artigo 56.- Ordenación e planificación da actividade económica

1. Corresponderá con carácter exclusivo ás institucións vascas a ordenación e planificación da actividade económica e a promoción e fomento do desenvolvemento económico da Comunidade de Euskadi, de acordo co dereito á propiedade privada e o respecto á liberdade de empresa no marco da economía de mercado.

2. Tocante ó exercicio da iniciativa pública das institucións vascas na actividade económica, unicamente o Parlamento vasco, mediante lei, poderá reservar ó sector público recursos ou servicios esenciais, especialmente en caso de monopolio, e, así mesmo, acordar a intervención de empresas cando así o esixa o interese xeral.

3. No mesmo sentido, respectando os principios esenciais da lexislación estatal, corresponderá ó Parlamento vasco regular a delimitación da función social da propiedade privada, así como calquera limitación ó exercicio dos dereitos inherentes a ela por causa xustificada de utilidade pública ou interese social que, en calquera caso, levará aparellada a correspondente indemnización.

4. O Estado arbitrará os mecanismos oportunos que permitan a participación das institucións vascas na planificación da actividade económica de ámbito supraterritorial.

5. As institucións vascas participarán, así mesmo, na xestión do sector público económico estatal no seu ámbito territorial e designarán, de común acordo co Estado, os seus propios representantes nos organismos económicos, órganos de control, institucións financeiras e empresas públicas do Estado e, se é o caso, da Unión Europea, cuxa competencia ou influencia se estenda ó ámbito territorial da Comunidade de Euskadi.



6. Ás institucións vascas corresponderalles a potestade lexislativa e de execución sobre defensa da competencia, constituíndo para tal efecto o organismo encargado da súa salvagarda, que deberá coordinar a súa actuación co Tribunal de Defensa da Competencia do Estado e cos organismos europeos e internacionais encargados da dita materia.

7. O Consello Económico e Social vasco constituirá o órgano consultivo das institucións vascas co fin de facer efectiva a participación dos distintos intereses económicos e sociais na política económica da Comunidade de Euskadi. O consello gozará de personalidade xurídica propia e plena capacidade e independencia para o exercicio das súas funcións. Unha lei do Parlamento vasco regulará a súa composición e funcións.

Artigo 57.- Sistema financeiro

1. Corresponderá con carácter exclusivo ás institucións vascas a regulación e supervisión do sistema financeiro da Comunidade de Euskadi, de acordo cos principios básicos da lexislación mercantil do Estado relativos á ordenación do crédito, banca e seguros e sen prexuízo das competencias do Estado en materia de réxime aduaneiro e arancelario e sistema monetario.

2. A Comunidade de Euskadi participará e designará, de común acordo co Estado, os seus propios representantes nas institucións e organismos de control do sistema financeiro estatal e, se é o caso, da Unión Europea, cuxa competencia ou influencia se estenda ó seu ámbito territorial.

Capítulo terceiro.- Da Facenda e patrimonio de Euskadi

Artigo 58.- Facenda xeral de Euskadi

1. A Facenda xeral de Euskadi estará constituída polo conxunto de dereitos e obrigas de natureza económica cuxa titularidade corresponda á Comunidade de Euskadi.

2. O Parlamento vasco regulará mediante lei as materias propias da Facenda xeral de Euskadi.

3. Os ingresos da Facenda xeral de Euskadi estarán constituídos por:

a) As achegas que efectúen as institucións forais como contribución ó sostemento de todas as cargas xerais da Comunidade de Euskadi, de conformidade co que dispoña unha lei do Parlamento vasco.

b) Os rendementos dos tributos propios que estableza o Parlamento vasco, de conformidade co establecido no presente Estatuto.

c) O produto das taxas, prestacións patrimoniais e outros dereitos económicos pola utilización do dominio público.



- d) Os recargos que o Parlamento vasco puidera establecer sobre os tributos de aplicación no ámbito da Comunidade de Euskadi.
- e) As transferencias da Unión Europea.
- f) As transferencias e outras asignacións con cargo ós orzamentos xerais do Estado.
- g) Os rendementos procedentes do seu patrimonio e ingresos de dereito privado.
- h) O produto das operacións de crédito e emisións de débeda realizadas en virtude da potestade recoñecida neste Estatuto.
- i) Calquera outros ingresos que poidan establecerse en virtude do disposto no presente Estatuto e nas leis do Parlamento vasco.

4. A Comunidade de Euskadi, no ámbito da súa competencia e en relación coa súa Facenda xeral, disporá das mesmas prerrogativas recoñecidas ó Estado.

Artigo 59.- Orzamentos xerais de Euskadi

1. Os orzamentos xerais da Comunidade de Euskadi terán carácter anual, conterán a totalidade dos ingresos e gastos da actividade pública xeral, e serán elaborados polo Goberno vasco e aprobados polo Parlamento vasco.

2. Unha lei do Parlamento vasco regulará a elaboración, exame, emenda, aprobación, modificación, execución, liquidación e control dos orzamentos xerais, así como a súa posible prórroga.

3. A coordinación e harmonización da política orzamentaria da Comunidade de Euskadi coa do Estado para os efectos de garantir a estabilidade económica e orzamentaria levarase a cabo de conformidade cos principios e instrumentos de relación económica establecidos neste Estatuto.

Artigo 60.- Autonomía financeira

1. A Comunidade de Euskadi terá autonomía fiscal e financeira para o desenvolvemento e execución das competencias recoñecidas no presente Estatuto.

2. A actividade financeira da Comunidade de Euskadi coordinarase e harmonizará coa do Estado de conformidade co previsto no presente Estatuto. De acordo con isto, estableceranse as formas de colaboración financeira entre a Comunidade de Euskadi e o Estado e, en especial, para determinar a achega daquela ás cargas xerais do Estado, a súa participación nos ingresos do Estado e a colaboración na política de investimentos públicos.

3. A Comunidade de Euskadi contribuirá ó financiamento das cargas xerais correspondentes ás políticas exercidas polo Estado no seu ámbito territorial, de conformidade co establecido no presente Estatuto, mediante a achega dunha cota global no marco do Concerto Económico. Para establecer



esta cota, constituirase unha comisión mixta integrada, dunha parte, por un representante de cada Deputación Foral e outros tantos polo Goberno vasco, e doutra parte por un número igual de representantes da Administración do Estado.

Artigo 61.- Potestade tributaria

1. A Comunidade de Euskadi ten potestade para manter, establecer e regular, dentro do seu territorio, o seu propio sistema e réxime tributario, que en ningún caso terá alcance confiscatorio e que estará inspirado nos principios de igualdade e progresividade.

2. No marco dos tratados e convenios internacionais e das normas de harmonización fiscal da Unión Europea, corresponderá ás institucións vascas competentes, a exacción, xestión, liquidación, inspección, revisión e recadación de todos os tributos, con excepción daqueles que, en virtude de tales normas, sexan de ámbito estatal ou europeo.

3. Os tributos estatais non poderán recaer sobre feitos impositivos gravados pola Comunidade de Euskadi e, logo de acordo mutuo, poderán ser obxecto de cesión total ou parcial ás institucións vascas.

4. O Estado non poderá en ningún caso adoptar medidas tributarias sobre bens situados no territorio da Comunidade de Euskadi ou que supoñan obstáculo para a libre circulación de mercancías ou servizos.

5. Así mesmo, as institucións vascas competentes poderán, dentro do seu ámbito territorial, establecer e regular recargos sobre os tributos estatais sempre que non desvirtúen a súa natureza ou estrutura.

Artigo 62.- Crédito e débeda pública

1. As institucións vascas poderán emitir débeda pública ou contraer crédito nos termos que estableza, mediante lei, o Parlamento vasco.

2. A débeda pública da Comunidade de Euskadi e os títulos de carácter equivalente emitidos polas institucións vascas terán a consideración de fondos públicos para todos os efectos e gozarán dos mesmos beneficios e condicións que a débeda pública do Estado.

Artigo 63.- Patrimonio

1. O patrimonio da Comunidade de Euskadi integrará, sen excepción, todos os dereitos e bens afectos ás competencias e servizos asumidos polas institucións vascas en virtude do presente Estatuto.

2. O Parlamento vasco resolverá sobre as institucións vascas a quen corresponderá a propiedade ou uso dos ditos bens e dereitos.



3. O Parlamento vasco regulará o réxime xurídico dos bens de dominio público e dos bens comunais, respectando os principios esenciais de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade, así como a súa desafectación, o réxime xurídico dos bens de dominio privado, as concesións administrativas, respectando as bases das obrigas contractuais, e a administración, defensa e conservación do patrimonio da Comunidade de Euskadi.

4. As institucións vascas garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico de Euskadi e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

Artigo 64.- Tribunal Vasco de Contas Públicas

1. O Tribunal Vasco de Contas Públicas é o supremo e único órgano fiscalizador das actividades económico financeiras do sector público da Comunidade de Euskadi.

2. Como órgano dependente directamente do Parlamento vasco, exerce as súas funcións por delegación deste e con xurisdicción sobre todo o territorio da Comunidade de Euskadi.

3. Os membros do Tribunal Vasco de Contas Públicas gozarán da mesma independencia e inmovilidade que os xuíces.

4. Unha lei do Parlamento vasco regulará a súa composición, organización e funcións, así como as garantías e procedemento da súa función fiscalizadora e do axuizamento da responsabilidade contable.

TÍTULO VI.- DO RÉXIME DE RELACIÓN POLÍTICA CO ÁMBITO EUROPEO E INTERNACIONAL

Capítulo primeiro.- Das relacións con Europa

Artigo 65.- Unión Europea

1. O Estado incorporará os compromisos derivados do presente Estatuto ós Tratados da Unión Europea nos termos que corresponda, co fin de garantir o seu recoñecemento e respecto no ámbito europeo.

2. De conformidade coa normativa comunitaria europea, a Comunidade de Euskadi disporá de representación directa nos órganos da Unión Europea. Para tal efecto, o Goberno español habilitará as canles precisas para posibilitar a participación activa do Goberno vasco nos diferentes procedementos de toma



de decisións das institucións comunitarias naqueles asuntos que afecten ás súas competencias.

Así mesmo, os representantes das institucións vascas formarán parte das delegacións do Estado no Consello de Ministros da Unión Europea en todos aqueles asuntos que afecten ó contido das políticas públicas que lles son exclusivas.

3. O Goberno vasco e o Goberno español arbitrarán os sistemas de coordinación precisos que garantan a participación efectiva da Comunidade de Euskadi na elaboración, programación, distribución e execución dos diferentes fondos comunitarios.

4. Corresponderá ás institucións vascas a transposición das directivas comunitarias no ámbito das súas competencias.

5. O Estado garantirá o acceso das institucións vascas ó Tribunal Europeo de Xustiza, en tanto non se encuentre previsto o seu acceso directo na normativa Europea.

6. A Comunidade de Euskadi constituirá una circunscrición electoral única no ámbito das eleccións ó Parlamento europeo.

Artigo 66.- Cooperación transfronteiriza e interrexional europea

As institucións vascas, en aplicación do principio de subsidiariedade, promoverán a cooperación transfronteiriza e interrexional no ámbito da Unión Europea, como instrumento básico sobre o que edificar a construción dunha Europa baseada no recoñecemento dos seus diferentes pobos e colectividade rexionais como factor de enriquecemento cultural e de afondamento democrático.

Capítulo segundo.- Das relacións exteriores

Artigo 67.- Representación exterior

1. As institucións públicas vascas desenvolverán fóra do territorio da Comunidade de Euskadi a actividade necesaria para a defensa e a promoción dos intereses dos cidadáns e cidadás vascas, podendo subscribir, para tal efecto, acordos, convenios e protocolos con institucións e organismos internacionais, nos ámbitos da súa propia competencia.

2. Para tal fin, a acción exterior do Goberno vasco contará cos recursos humanos e materiais necesarios, incluíndo, se é o caso, a creación de delegacións e oficinas de representación no exterior, cuxo estatuto será regulado por lei do Parlamento vasco.



3. A Comunidade de Euskadi poderá ter presenza directa en todos aqueles organismos internacionais cuxa propia regulación de acceso e participación así o permita e, en especial, nos relacionados coa lingua, a cultura, a paz, a defensa dos dereitos humanos e a cooperación, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

4. Os centros vascos no exterior terán recoñecemento oficial e constituirán un instrumento esencial para o mantemento dos vínculos da Comunidade de Euskadi cos membros das comunidades vascas no exterior, así como para o desenvolvemento e fomento das relacións comerciais, culturais, políticas e institucionais cos países nos que estes están situados.

Artigo 68.- Tratados e convenios internacionais

1. A formalización por parte do Goberno español de tratados e convenios internacionais que supoñan unha alteración ou restricción das competencias recollidas no presente Estatuto político esixirá a autorización previa das institucións comúns vascas.

2. O Goberno vasco participará, en canto parte implicada, no desenvolvemento das negociacións de tratados e convenios internacionais desenvolvidos polo Goberno español, así como nos proxectos de lexislación aduaneira, en tanto afecten a materias de interese específico para a Comunidade de Euskadi.

3. A Comunidade de Euskadi executará os tratados e convenios internacionais en todo o que afecte ás súas atribucións e competencias.

Capítulo terceiro.- Da cooperación ó desenvolvemento

Artigo 69.- Solidariedade e cooperación ó desenvolvemento

A Comunidade de Euskadi poderá desenvolver unha política propia de solidariedade e de cooperación cos países en vías de desenvolvemento, establecendo para tal efecto os programas e acordos pertinentes cos países e zonas destinatarias, así como coas organizacións non gobernamentais e as institucións públicas e privadas que resulte preciso para garantir a efectividade e eficacia das políticas de cooperación.



DISPOSICIÓN TRANSITORIA

1. No prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do presente Estatuto, a Comunidade de Euskadi asumirá materialmente e comezará a exercer en plenitude todas as potestades, funcións e servicios sen excepción que lle corresponden conforme ó seu réxime de autogoberno, todo isto sen prexuízo da continuidade no exercicio e da subrogación plena nas que xa ten asumidas a Comunidade Autónoma de Euskadi.

2. Dentro do dito prazo de seis meses, unha Comisión Mixta de Transferencias integrada por igual número de representantes do Goberno vasco e do Goberno do Estado, por unha soa vez e de modo definitivo, establecerá os acordos que procedan co fin de garantir a continuidade dos servicios públicos e traspasar os medios persoais e materiais de titularidade do Estado, que quedarán, respectivamente, integrados na Comunidade de Euskadi ou baixo a súa titularidade plena conforme o seu réxime de autogoberno. Para os ditos efectos, considerarase que as actas da comisión mixta e os certificados que se libren con relación ós inventarios e documentos oficiais do Estado serán suficientes para a titulación e inscrición dos bens nos rexistros oficiais correspondentes.

No seo da comisión mixta citada, aprobaranse os acordos financeiros e procederase á regularización de fluxos financeiros que correspondan entre a Comunidade de Euskadi e o Estado.

A falta de acordo na comisión mixta non impedirá á Comunidade de Euskadi o exercicio das atribucións ou competencias asumidas, que as poderá exercer cos seus propios medios e recursos financeiros, sen prexuízo de poder reclamar con posterioridade ó Estado, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Euskadi, os danos e prexuízos que se puidesen derivar do atraso en proceder ó traspaso debido.

3. Á entrada en vigor do presente Estatuto, permanecerá vixente o dereito actualmente aplicable na Comunidade de Euskadi en tanto non se promulgue o dereito propio do mesmo, cando corresponda conforme ó seu réxime de autogoberno.

DISPOSICIÓN FINAL

O modelo e réxime de relación política entre a Comunidade de Euskadi e o Estado español regulado no presente Estatuto político sucederá e substituirá, á súa entrada en vigor, o que fora aprobado por Lei orgánica 3/1979, de 18 de decembro, no Estatuto de Autonomía para o País Vasco.